

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Extracto da convocatoria ao abeiro das bases para a concesión de subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidos a entidades para o ano 2019

Extracto da convocatoria ao abeiro das bases para a concesión de subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidos a entidades para o ano 2019

Obxecto.–Apoio ás entidades locais para a realización ou mantemento de actividades e programas que desenvolvan en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. As actividades obxecto da subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2019.

Entidades beneficiarias.–Entidades locais legalmente constituídas que cumpran os requisitos especificados na Ordeanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e nas bases reguladoras.

1.º) Entidades legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese para o concello dentro do seu termo municipal ou en beneficio del.

2.º) Persoas físicas que realicen actividades de interese municipal e que cumpran os requisitos sinalados nas bases

3.º) Centros educativos ou consellos escolares dos Centros educativos do municipio.

Bases reguladoras.–Bases das subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidas a entidades, publicadas no BOP.

Contías.–As contías destinadas son os importes consignados no presuposto ordinario para o ano 2019:

- 3.500,00 € máximo con cargo á partida orzamentaria 231.48900.

Criterios de valoración.–As bases reguladoras conteñen os criterios de concesión da subvención aplicables para a valoración dos proxectos presentados.

Prazo de presentación.–O prazo de presentación de solicitudes é dun MES, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP.

Xustificación.–O prazo de xustificación remata o 30 de novembro de 2019, debendo tramitarse segundo se especifica nas bases reguladoras. Os gastos que se poden xustificar serán os efectivamente pagados pola entidade beneficiaria entre o 1 de xaneiro de 2019 e a data establecida para a xustificación da subvención.

Arteixo, 6 de setembro de 2019.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Por Delegación Decreto 1603/2019

Asdo.: D.^a Inés Ramos Álvarez

Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

2019/7322